



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 01/08/2024, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENCIA

DOMINGUEZ SISTO, Aurea (AdV)

CONCELLEIROS

PARTIDO POPULAR (PP)

INSUA LAGO, Luis Manuel
RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana
TRABA FERNANDEZ, José Manuel
SUAREZ SILVA, Jenifer
CANOSA TRILLO, Manuel

ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AdV)

MARTINEZ TRABA, Francisco
LESTON REDONDA, Francisco Antonio

PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG – PSOE)

MARCOTE SUAREZ, José
DOMINGUEZ LADO, Alexandre

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa

SECRETARIO - INTERVENTOR

VÁZQUEZ CAMPAÑA, Marcos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 01/08/2024, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia da Presidenta e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado polo Secretario - Interventor, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, a Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o

contido da seguinte

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTIVA

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Pregunta a Sra. Alcaldesa se hai algunha intervención ao respecto da aprobación da acta da sesión anterior e intervén a Sra. Teresa Fernández, quen manifesta:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considero necesario rectificar na miña intervención os seguintes puntos:

“- No apartado doutros contratos onde **pon regular ou ilegal** debería poñer **irregular e pon regular**”.

“-Na exposición de motivos sobre a non celebración do Festival Blues, dixeran que non só tiñamos música Blues senón tamén doutros tipos como GUADI GALEGO, entre outros, e só se fala de De Vacas”.

“-Cando falo do Camiño dos Faros, falo da **limpeza non da licenza**”

Sra. Alcaldesa:

“-Tómase nota ”.

A continuación, a Sra. Alcaldesa somete a votación a proposta de aprobación da acta da sesión do Pleno da Corporación de 06/06/2024, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 08/2024 NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO

Dado que a entidade dispoñe de remanente de Tesourería positivo por importe de 1.420.841,10 €, aprobado por Decreto 191/2024, de 04/04/2024, de aprobación da Liquidación do exercicio anterior e ante a existencia de gastos para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, faise precisa a Modificación Orzamentaria 08/2024, na modalidade de Suplemento de Crédito financiado con remanente líquido de Tesourería, por un importe de cincocentos trinta mil catrocentos euros (530.400,00 €).

Así mesmo, ante existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercizo seguinte, para os que o non existe crédito no vixente orzamento vixente, faise precisa modificación de crédito na modalidade de Crédito Extraordinario financiado con remanente líquido de Tesourería, por un importe de catorce mil seiscentos euros (14.600,00 €).

Así, con data 22/07/2024, esta Alcaldía emite a correspondente Providencia Memoria na que se recollen os detalles da modificación de créditos a realizar.

Con data 23/07/2024, emitíuse informe de Secretaría-Intervención sobre a lexislación aplicable, procedemento a seguir, fiscalización previa e a estabilidade orzamentaria.

Á vista dos anteriores antecedentes, tendo en conta a normativa de aplicación, considerase que o expediente está tramitado conforme á lexislación aplicable, e procede a súa aprobación polo pleno da corporación, de conformidade co artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local esta Alcaldía **PROPÓN**:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 08/2024 financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, na modalidade de suplemento de crédito por un importe de **cincocentos trinta mil catrocentos euros** (530.400,00 €) e na modalidade de Crédito Extraordinario por un importe de **catorce mil seiscientos euros** (14.600,00 €)

As aplicacións afectadas pola modificación proposta quedan desglosadas do xeito que segue:

Suplemento de Crédito en Aplicacións de Gastos

APLICACIÓN		DESCRICIÓN	CREDITOS ACTUAIS	SUPLEMENTO CREDITO	CREDITOS FINAIS
PROG.	ECO.				
132	151.00	POLICÍA LOCAL, GRATIFICACIONES	6.500,00	6.500,00	13.000,00 €
160	213.00	MAQUINARIA, INSTALACIÓNES TÉCNICAS E UTILLAX	10.000,00 €	30.000,00 €	40.000,00 €
160	221.00	ENERXIA ELECTRICA	91.125,00 €	15.000,00 €	106.125,00 €
161	213.00	MAQUINARIA, INSTALACIÓNES TÉCNICAS E UTILLAX	30.000,00 €	15.000,00 €	45.000,00 €
161	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	150.000,00 €	45.000,00 €	195.000,00 €
162.1	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	50.000,00 €	10.000,00 €	60.000,00 €
162.2	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	155.000,00 €	10.000,00 €	165.000,00 €
163	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	40.000,00 €	45.000,00 €	85.000,00 €
165	213.00	MAQUINARIA, INSTALACIÓNES TÉCNICAS E UTILLAX	10.000,00 €	10.000,00 €	20.000,00 €
170	227.09	OUTROS TRABALLOS DE EMPRESAS	20.000,00 €	20.000,00 €	40.000,00 €
231	131.00	LABORAL TEMPORAL (Servizos Sociais)	209.220,75 €	10.000,00 €	219.220,75 €
231	221.06	PRODUTOS FARMACEUTICOS (Serv. Soc.)	1.500,00 €	2.400,00 €	3.900,00 €
231	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	21.500,00 €	15.000,00 €	36.500,00 €
231	625.00	MOBILIARIO	2.500,00 €	2.500,00 €	5.000,00 €
324	212.00	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIONS	1.000,00 €	9.000,00 €	10.000,00 €
324	453.90	OUTRAS SUBVENCIONS A SOCIEDADES CONSORCIO	26.000,00 €	10.000,00 €	36.000,00 €
334	226.09	ACTIVIDADES CULTURAIAS E DEPORTIVAS A FAMILIAS E INSTITUCIONS SEN FINIS DE LUCRO	125.000,00 €	25.000,00 €	150.000,00 €
338	480.00	OUTRAS INVERSIONS NOVAS	30.000,00 €	20.000,00 €	50.000,00 €
453	609.00	INFRAESTRUR	160.956,59 €	19.000,00 €	179.956,59 €
920	120.00	ADMON XERAL, SOLDOS GRUPO A1	16.633,90 €	9.000,00 €	25.633,90 €
920	121.00	ADMON XERAL, COMPLEMENTO DESTINO	25.603,34 €	10.000,00 €	35.603,34 €
920	121.01	ADMON XERAL, COMPLEMENTO ESPECÍFICO	46.791,64 €	11.000,00 €	57.791,64 €
920	221.03	COMBUSTIBLES - CARBURANTES	17.500,00 €	20.000,00 €	37.500,00 €
920	221.99	OUTROS SUBMINISTROS	5.000,00 €	30.000,00 €	35.000,00 €
920	227.00	LIMPEZA E ASEO	61.125,00 €	50.000,00 €	111.125,00 €
920	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	140.000,00 €	50.000,00 €	190.000,00 €
920	625.00	MOBILIARIO	5.000,00 €	6.000,00 €	11.000,00 €
9231	467.00	TRANSFERENCIAS CORRENTES A CONSORCIOS	3.200,00 €	5.000,00 €	8.200,00 €
932	227.08	SERVIZOS RECADACION A FAVOR ENTIDADES	60.000,00 €	20.000,00 €	80.000,00 €
TOTAL			1.514.656,22 €	530.400,00 €	2.038.556,22 €

Crédito Extraordinario en Aplicacións de Gastos

APLICACIÓN		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	CREDITO EXTRAORDINARIO	CREDITOS FINAIS
PROG.	ECO.				
920	830.00	PRESTAMOS CONCEDIDOS AO PERSOAL	0,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
920	763.00	TRANSFERENCIAS CAPITAL	0,00 €	11.600,00 €	11.600,00 €



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

		MANCOMUNIDADES			
		TOTAL	0,00 €	14.600,00 €	14.600,00 €

Esta Modificación do orzamento municipal financíase con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Orzamento de Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap	Art.	Conc.		
870	00		Remanente de Tesourería para gastos xerais	545.000,00 €
			Total	545.000,00 €

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

INTERVENCIONS:

Sr. Luís Insua:

- "Nós imos abstermos porque consideramos que hai que pagar facturas, provedores e acreedores que traballan para o Concello, entre outros os que contempla a Modificación"

Sr. José Marcote:

- "Unha modificación desta Entidade debería ter unha negociación previa para analizar punto por punto porque podemos estar de acordo con todo ou parte e só se pode facer sentándose na mesa tranquilamente e ver todo canto hai aí, e ver tamén de onde veñen, as partidas e os créditos que hai en cada unha.

É un traballo que deberíamos ter feito con anterioridade e non o fixemos. Debería darse conta da minoría e actuar en consecuencia por iso evidentemente non podemos votar a favor da modificación porque non temos o coñecemento de todos os puntos pero tampouco ten sentido votar en contra, hai partidas aí que é necesario telas porque podemos entorpecer o desenvolvemento da economía do Concello, entónces con toda a responsabilidade que nos caracteriza imos abstermos, esa é a nosa postura".

Sra. Teresa Fernández:

- "Nós xa falamos na Comisión Informativa, e imos votar a favor"

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Eu puntualizo a túa opinión (dirixíndose ao Sr. Marcote). É a 1ª vez que en Fisterra se fai a Comisión de Asuntos Xerais anterior ao Pleno, na dita Comisión estades representados todos os grupos coa representación que pactamos e logo se acordou ademais coa asistencia do Secretario Interventor quen nos dá todo tipo de detalle, entón non sei cantas reunións teño que facer con vós, nesta Comisión que ademais traía este punto, ti sábelo mellor ca min que levastes 8 anos de Alcalde, e é unha práctica moi necesaria (incluso coas maiorías que vós tiñades) tiñas que recurrir a este procedemento.

Entón, a min eso paréceme unha escusa pero agradézoche a abstención, que me vai solucionar igual, aínda que che fago un reproche (dirixíndose ao Sr. Marcote)”.

Sr. José Marcote:

-“Imos ver, eu xa lle dixen que a negociación non ten nada que ver coa Comisión. Cando un está en minoría nun goberno, á hora de querer aprobar asuntos no Pleno, non é suficiente levalos á Comisión, lévanse igual. Nós non necesitábase facer eso porque tiñamos a maioría suficiente para non ter que negociar estas cousas con ninguén. Eu entendo que cando non se ten unha maioría suficiente o diálogo é a base da política,e incluso se hai as maiorías suficientes pode dialogar ou non.”

Sra. Alcaldesa:

-“O diálogo é moi bo pero empezo a pensar que as Comisións estas que facemos previas ao Pleno que nos costan cartos ao Concello, non sei se poden desdecirme de facer estas Comisións porque é mellor que me vexa con vós e así non supoñen gastos ao Concello. Nas Comisións podedes facer vós as preguntas. Cando recibides a documentación da Comisión tédela con anterioridade”.

Sr. Alexandre Lado:

-“Na Comisión dase dictame solamente”.

Sra. Alcaldesa:

-“Antes do Pleno, nós podemos aprobar se poñemos un punto extraordinario ou non, na Comisión fálase e pódese incluír por vía de urxencia un punto”.

Sr. José Marcote:

-“Non temos porque facelo así, non é necesario chegar á vía de urxencia, fálase antes, temos tempo de abondo”

Sra. Alcaldesa:

-“Non temos tempo abondo, o documento a min chégame cun prazo, non pensades que o teño 20 días antes ca vós, ao mellor téño un día antes para poder redactar os Decretos e as notificacións. Non é cuestión de que a min non me interese o diálogo”.

Sr. José Marcote:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Se non pode levar as cousas a este Pleno, léveas ao seguinte, ou convoque un extraordinario”.

Sra. Alcaldesa:

-“Chamareivos cada semana, un día a cada un”

“- Procédese á votación sobre este punto co seguinte resultado: 3 votos a favor (2 de Alternativa dos Veciños e 1 do BNG); votos en contra: 1 de Alternativa dos Veciños (Francisco Martínez Traba), e 7 abstencións: (5 PP, e 2 PSOE).

Intervén a Sra Alcaldesa:

“Dase por aprobado o Documento de Suplemento de Crédito en aplicación de gastos, grazas a todos/as especialmente a Teresa pola implicación e aos demais tanto ao PSOE como ao PP, porque coa súa abstención conseguimos levalo adiante”.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

3º) RESOLUCIÓN DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

Dase conta dos decretos que van dende o Decreto 2023/G003/000306, de data 30/05/2024, ata o Decreto 2024/G003/000426, de data 24/07/2024. O Pleno dase por enterado. Non se producen intervencións ao respecto.

4º) RESOLUCIÓN DITADAS POLA ALCALDIA CONTRARIAS AOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN (ARTIGO 218.1 DO TRLHL).

Non se producen intervencións

C) ROGOS E PREGUNTAS

5º) ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Luís Insua:

-“Xa preguntamos na sesión plenaria anterior, aínda non se realizou ningunha actuación ao respecto das máquinas do parque biosaudable de Sardiñeiro? Vanse substituír, reparar? Supoñen un perigo no estado no que están”.

Sr. Francisco Lestón:

-“Si, van ser retiradas tan pronto como a empresa poida, en principio non van ser substituídas porque non temos dotación económica para iso”.

Sr. Manuel Canosa:

-“Entón, vanse retirar?”

Sr. Francisco Lestón:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Todas menos dúas que aínda están un pouco decentes. As outras retirámolas todas, agora as empresas non fan as cousas cando un quere, temos que esperar a que as fagan”.

Sr. Luís Insua:

-“Ao respecto da torre de luz do campo de fútbol, vaise repoñer ou vai quedar así para a temporada deportiva”.

Sra. Alcaldesa:

-“En principio parece que pode pasar sen ela”.

Sr. Luís Insua:

-“Entón non se vai repoñer”

Sra. Alcaldesa:

-“De urxencia non, como hai que facer varias actuacións no campo de fútbol xa se verá logo unha actuación máis conxunta de todas as deficiencias que ten”.

Sr. Luís Insua:

-“Fai unhas 6 semanas que presentei no Rexistro Xeral de Entrada un escrito cunha solicitude de información, a obriga é responder nun prazo de 5 días, e non se nos deu resposta. A nós fainos falta esta información para preparar o Pleno.”

Sra. Alcaldesa:

-“O da parcela?”

Sr. Luís Insua:

-“Si, un documento escrito no que nos digades en que situación se encontra”

Sra. Alcaldesa:

-“Si, ese documento escrito xa consta nos Plenos, a titularidade é a mesma que antes de entrar eu aquí”.

Sr. Luís Insua:

-“Nós temos que ter a resposta no prazo de 5 días e van 6 semanas, se non temos esa resposta temos que acudir ao Valedor do Pobo e facer perder o tempo en algo como emitir un documento indicativo da situación da parcela”.

Sra. Alcaldesa:

-“Nós non temos moito tempo para perder”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Luís Insua.

-“A nós fainos falta para preparar o Pleno”

Sra. Alcaldesa:

-“Xa lle dixen que a situación é a mesma pero xa falarei cos servizos administrativos e faremos a resposta por escrito”.

Sr. Luís Insua:

-“En relación á Resolución 2024/G003/00004 hai moita documentación e non imos preguntar por cada unha pero hai un pago por importe de 1.060 € a favor de Ubaldo Cerqueiro García.”

Sra. Alcaldesa:

-“Ese pago foi efectuado a Que pasa na Costa, en concepto de servizos prestados: artigos, publicidade do Concello”.

Sr. Luís Insua:

-“Publicidade do Concello, ou mala publicidade?. Este medio foi o que publicou o artigo sobre Fisterra tan pexoractivo”.

Sra. Alcaldesa:

-“Ese non o pagamos nós. Esta factura é anterior a esa”.

Sr. Luís Insua:

-“Se se paga pola publicidade que sexa polo menos por unha publicidade decente”

Sra. Alcaldesa:

-“Estou de acordo”

Sr. Luís Insua:

-“ Con qué frecuencia se están lavando os colectores do lixo?”

Sr. Francisco Lestón:

-“Falemos agora de partidas económicas que non tiñamos, estanse lavando manualmente, acabamos de lavar os do mercado do peixe, proximamente lavaremos os do Sixto. Acabamos de comprar unha partida de 15 colectores e imos poñer colectores novos e sacando os vellos, lavalos e facer cambios”.

Sr. Luís Insua:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Non é un problema económico, é unha xestión onde se priorizan outro tipo de cousas como se pode ver nos Decretos, esta é unha cuestión prioritaria tanto para o turismo como para nós mesmos.

Sra. Alcaldesa:

-“Xa o facemos para nós mesmos”.

Sr. Francisco Lestón:

“-Vou dar un dato: nós agora mesmos estamos aprobando unha modificación de crédito porque non había crédito, lavar os colectores costa 8.000 €”

Sr. Luís Insua:

-“Nós aquí temos unha inestabilidade presupostaria de 340.000 € este ano, non hai 8.000 € dentro destes 340.000 € para este tipo de actuación. Había case medio millón”.

Sr. Francisco Lestón.

-“Nós opinamos que resolvíamos mellor con esto que fixemos”.

Sr. Luís Insua:

-“Nós, como rogo dentro desta inestabilidade presupostaria rogo que haxa unha partida de 8.000 € para esta actuación”.

Sra. Alcaldesa:

-“Esa partida de 8.000 € é para lavalos unha vez, lávanse todos ao mesmo tempo, e nós o que facemos co noso persoal é ir lavándoos pouco a pouco, a diferenza está en que a empresa lavaríaos en 2 ou 3 días e co noso persoal imos facendo esas actuacións e lavámolos máis veces.”

Sr. Luís Insua:

-“Esas actuacións sempre se fixeron nin unha, nin dúas, senón ata tres veces”

Sr. Francisco Lestón:

-“Nós tamén as facemos por iso sabemos o que pasa”

Sr. José Marcote:

-“Vou facer as preguntas de sempre porque é unha cuestión de interese xeral saber se estamos a punto ou non de aprobar o PEPRICH do Casco Vello de Fisterra”.

Sra Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Do PEPRICH falta o informe de Portos de Galicia desde o 4 de maio que nos dixeron que redactaran o informe favorable pero parece que o Presidente de Portos non o asina dado que ten algunhas dúbidas, o técnico falou con Portos e cando chegue das vacacións aclarará as citadas dúbidas”

Sr. José Marcote:

-“A mesma pregunta con respecto á Modificación Puntual do PXOM”

Sra Alcaldesa:

-“En relación á modificación do Plan Xeral chegou un Informe de Costas que requería unhas actuacións que lle foron entregadas ao técnico para a súa adaptación segundo a indicación de Costas. Unha vez feito isto aprobarase en Pleno a aprobación inicial e a continuación farase a exposición pública”.

Sr. José Marcote:

-“E o único que faltaba. Temos seguro de responsabilidade civil na zona portuaria que collemos no convenio?”

Sra. Alcaldesa:

-“ A que se refire? Á estrada toda?”

Sr. José Marcote:

-“ A zona que se colleu no Convenio a xestión pasa a ser do Concello e no propio Convenio xa se nos di que a responsabilidade é do Concello”.

Sra. Alcaldesa:

-“E como calquera outra estrada ou camiño, como en Langosteira o que nos pasou hai algúns días e non somos responsables”.

Sr. José Marcote:

-“Eu pregunto se temos contratado o seguro”.

Sra. Alcaldesa:

-“Na póliza non temos detallado, temos os bens do Concello, logo un técnico terá que certificar se é zona pública ou non no caso dun accidente”.

Sr. José Marcote:

-“Digo esto porque as compañías de seguro teñen unhas primas segundo o que cubren. Normalmente no Concello xa nos ten pasado que as compañías do seguro nos indican o que temos contratado, e indícanos o que temos sen cubrir”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sra. Alcaldesa:

-“Os edificios témolos todos inventariados, o que son camiños, accesos, paseos, non pero non deixan de ser solo municipal”.

Sr. José Marcote:

-“público si, municipal non.

Eu pregunto porque non vaia ser que calquera día pase algo e esteamos descubertos”.

Sra. Alcaldesa:

-“Se unha persoa cae na rúa non o vai cubrir igualmente que tampouco o cubría a responsabilidade civil de Portos, eso entra na dilixencia da persoa agás que por exemplo deixemos unha arqueta aberta”.

Sr. José Marcote:

-“Ata agora o seguro cubría todo o que era municipal á hora de responsabilidade civil temos uns m2 máis, a compañía terá que dicir se as cubre ou non, a min o que me interesa é que os cartos de todos estean ben, que o Concello non teña que cargar despois coa responsabilidade por calquera tipo de accidente que poida xurdir.

Vin tamén que (xa cando estabamos nós) Portos de Galicia solicitou a cesión da Casa do Arco. Esa cesión leva algún tipo de prestación económica”

Sra. Alcaldesa:

-“Si, estámolo facendo. Non, non leva ningún tipo de prestación. É gratis. Temos que mantela nós (limpeza, luz)”.

Sr. José Marcote:

-“Vin tamén que anularon un seguro de responsabilidade patrimonial que cubría aos traballadores do Concello e aos políticos. Os que estamos aquí temos unha profesión con certo risco”

Sra. Alcaldesa:

-“Foi unha póliza que estaba duplicada non sabemos porqué nin cando se duplicou. Había unha (imaxínese) de dous millóns e outra de un millón, e anulamos a máis pequena”

Sr. José Marcote:

-“Na mesma compañía?”

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Si, na mesma. O Secretario Interventor fixo un informe e anulamos a de menor importe”

Sr. José Marcote:

-“A prazoleta que hai abaixo en Calcova ten un aspecto deplorable, o invento que puxeron alí os nosos compañeiros do BNG agora mesmo é mellor non mirar cara alí”.

Sra. Alcaldesa:

-“Hai que facer unha actuación no Paseo de Langosteira tanto na zona do Tira do Cordel como a que está máis próxima á súa casa, así como as pérgolas”

Sr. José Marcote:

-“Xa nós tiñamos un proxecto para as pérgolas. Naquel momento a madeira subiu moito o prezo e non se puido levar a cabo.”

Sra. Alcaldesa:

-“Temos que renovar ese proxecto”

Sr. José Marcote:

-“ Polo menos darlle unha limpeza ao colector do plástico, eu non digo que se retire pero o envoltorio retíralo no tractor”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Case todas as preguntas son reiteradas e coinciden cos demais grupos xa falamos dos Camiños dos Faros. Pregunto se houbo algunha actuación no que corresponde ao Concello respecto ao Camiño dos Faros, porque facéndolle caso a Marcote non falamos de desbroces”

Sr. Francisco Lestón:

-“Estamos desbrozando na zona”.

Sra. Teresa Fernández:

-“E moi importante o Camiño dos Faros”.

Sr. Francisco Lestón:

-“O mesmo que lle dicía aos do PP, temos que priorizar ás veces non se chega a todo para nós son importantes os veciños das aldeas e o pobo”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Poderíase ampliar a recollida de cartón porque se está vendo que non é suficiente, os colectores están cheos e os establecementos comerciais están depositando os



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

cartóns na vía pública. Na temporada alta increméntanse os residuos, polo tanto deberían ampliarse a recollida. Na zona rural, nas aldeas non chea conque a recollida sexa unha vez á semana”.

Sr. Francisco Lestón:

-“Eso depende das aldeas, depende do residuo que xere cada aldea.”

Sra. Teresa Fernández:

-“En Vilar recolleron hoxe pero levamos máis de unha semana cos residuos fóra dos colectores; entón coa calor que fai é un foco de infeccións ademais de ser un impacto negativo para os que vivimos alí e para as persoas que veñen pasar a época estival no rural onde tamén temos temporada alta, vivendas vacacionais, turismo rural, a ver se se pode ampliar ou poñer algún colector máis.

-Que tipo de axudas ou colaboración se lles fixo ás diferentes actividades estivais que se organizan ou se van organizar no que vai de verán e o que falta, o Festival Experience, o Arrotada Fest, o Entroido de Verán, a Festa do Longueirón, o Desembarco Pirata, a Festa Fok da Anchoa, pódeme dicir máis ou menos qué tipo de colaboración se levou a cabo: económica, actuacións?”

Sra. Alcaldesa:

-“Depende, para este que vai haber este fin de semana que é a Langosteira e o Desembarco pirata pois a colaboración é moi pouca, (aseos e palco), arranxan o barco e fan todo eles, non piden cartos.”

Sra. Teresa Fernández:

-“Nin ningunha actuación”

Sra. Alcaldesa:

-“A única vai a ser a que xa fixemos o ano pasado, a recepción dos piratas que faremos no Castelo e que ademais me gustaría que comparecera a Corporación Municipal, neste evento os gastos son só os derivados do picoteo que se faga, só iso.

En canto áo Fisterra Experience decidimos non facer o Blues pero logo seguimos en conversa con eles que quería facer algo en Fisterra para non perder o Festival, eles tamén pediron unha subvención e o Concello tamén. Non chegaba e iso era un gran esforzo económico, neste ano chegamos a un acordo de que o Concello aportaba 3.000 €. sempre se aportaban 26.000 € pero decidiron aportar eles todo”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Só se fixo aportación económica?”

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Si, nada máis, xa lle dixéramos en principio que non pero eles insistiron moito, non querían perder a praza de Fisterra e chegamos a ese acordo, logo tamén colaboramos

co equipo de servizos múltiples. No Entroido de Verán pagouse o grupo que actuaba e costou sobre 9.000 €”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Pola rede cultural”

Sra. Alcaldesa:

-“Non nola concederon, o Concello tivo que aportar 9.000 € pero o Concello implicouse igual.

En canto á Festa Folk, estamos agora redactando un convenio que aínda non temos asinado. Está acordado, eles non son temerarios e non poñen nada no cartel que non estea cadrado”.

Sra Teresa Fernández:

-“Teñen algo previsto ou pensado para reactivar o cemiterio municipal de Cabanas?”

Sra. Alcaldesa:

-“ Agora mesmo non, pero é un proxecto que temos, non sei o tempo que terei para desenvolver os proxectos que quero”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Para cando o estudo e aplicación das ordenanza das caravanas e dos camiños forestais.”

Sra. Alcaldesa:

-“Na Comisión que tivemos tratamos ese tema o PP non está moito polo labor porque encontra inmadura a ordenanza que fixemos, ao mellor hai que traballala máis.”

Sra. Teresa Fernández:

-“Será porque a presentou o BNG por iso non están de acordo”

Sr. Luís Insua:

-“Quen a presentou?”

Sra. Teresa Fernández:

-“Presentámola nós”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sra. Teresa Fernández:

-“Nós elaboramos un documento e propuxémosllo ao equipo de goberno”.

Sra. Alcaldesa:

-“Nós estudiámola e modificámola”

Sra. Teresa Fernández:

-“Hai algunhas modificacións e quedouse de estudar entre todas as forzas políticas.”

Sr. Luís Insua:

-“Logo é dos dous grupos”

Sra. Alcaldesa:

-“Eles propuxeron ao Concello e nós sobre esa base traballamos, vós vistela pouco madura”.

Sr. Luís Insua:

-“Pouco madura non, e un copia e pega”

Sra. Alcaldesa:

-“Pero resolve ou non ?”

Sr. Luís Insua:

-“Non”

Sr. José Marcote:

-“Pero é da FEGAMP ou do BNG?. Copioulla o BNG á FEGAMP e pásalla ao Goberno”

Sra. Teresa Fernández:

-“A cuestión é facer o documento”

Sra. Alcaldesa:

-“A dos camiños é necesaria”

Sr. Luís Insua:

-“Esa está un pouco mellor”.

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Se acadamos os votos necesarios para sacalas adiante convoco un pleno extraordinario, antes da Comisión faremos unha reunión previa e senón aprobaremos as que esteamos de acordo.

Hoxe entrou a traballar o arquitecto cun contrato menor, mentres se espera poder regularizar a situación como debe ser. Este contrato menor que eu asinei salvando o reparo do Secretario Interventor como salvaba cando se lle pagaba ao anterior. Non hai maior diferenza que a persoa é outra. O valor do contrato é de 8.400 € máis IVE, cunha duración de 3 meses. Estará no Concello os martes, mércores e xoves, pero con atención ao público mércores e xoves, e teletraballará luns e venres”

E non tendo mais asuntos dos que tratar a Sra. Alcaldesa, levanta a sesión sendo as 20.41 horas, do que, como secretario , dou fe.